



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA Nº 31

PREZO PÚBLICO POR EMISIÓN DE PUBLICIDADE NA RADIO MUNICIPAL.

ARTIGO 1. *Concepto e obxecto.*

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público por emisión de publicidade na radio municipal, que será esixida conforme ó disposto na presente ordenanza.

ARTIGO 2. *Obrigados ó pagamento*

Estarán obrigados ó pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza quen se beneficie do servizo prestado por este Concello, a través da radio municipal, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3. *CONTÍA*

1. A contía do prezo publico regulamentado neste texto normativo terá un prezo unitario de **2,44 €/cuña publicitaria, mais IVE** As cuñas ou insercións de publicidade terán unha duración de 20 segundos.
2. A contía do prezo público que patrocine unha sección (información metereolóxica, cultura, sucesos, etc) terá un prezo de **4,27 € mais IVE**
3. A contía do prezo público para a realización dun programa como colaborador-patrocinador, terá un prezo de **6,11 € mais IVE**

ARTIGO 4. *Reduções*

A emisión das cuñas ou insercións publicitarias terán unha redución na súa contía do 10%, sempre que a súa emisión se faga en galego.

ARTIGO 5. *Obrigados ó pagamento.*

A obriga ó pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza nace desde o momento no que se solicita o servizo.

O pagamento do servizo farase no momento da solicitude da súa prestación.

ARTIGO 6. *Normas de xestión.*

1. Os anuncios emitíranse durante as horas de programación de Radio Arteixo e deberán respectar nos seus contidos os dereitos recollidos nos textos legais, especialmente os relativos ós dereitos á hora e á intimidade, así como os relativos á liberdade de creencias e pluralidade, protección da infancia e xuventude.
2. A duración dos anuncios publicitarios será de ata 20 segundos de duración, e o tempo dedicado á publicidade non poderá superar os dez minutos por hora de programación.
3. No decorrer dos espazos informativos non se emitirá publicidade.
4. A emisión dos anuncios levarase a cabo logo do cumprimento dos seguintes requisitos:



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

4.1. O visto e praxe por parte do responsable da emisora (sempre baixo a tutela do concelleiro respectivo).

4.2. Que o anunciante aboe a contía correspondente da liquidación resultante, nas oficinas municipais.

5. O custo das emisións publicitarias inclúe a gravación das mesmas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As anteriores tarifas serán incrementadas anualmente na porcentaxe do IPC.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de seis artigos, foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 18 de novembro de 2006.

Foi modificada posteriormente segundo acordos do Concello Pleno en sesión celebradas o día 6 de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2009, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días que sinala o artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.